

Review

Vigo: Galaxia. 2018. 176 pp.

ISBN 978-84-9151-173-1

**CONSTENLA
VEGA, Xosé***O colapso territorial
en Galiza***Xosé M. Santos**
Universidade de Santiago
de Compostela

Nas reflexións que se fan de Galicia desde as disciplinas con carácter social, o territorio é unha desas variábeis que acostuma aparecer diluída e subordinada, case sempre, á historia. Tan só nos últimos tempos estamos a asistir a unha toma de consideración do espazo como un elemento fundamental para entender as dinámicas sociais, actuais e pasadas. Paradoxalmente, esta relevancia non provén desde a Xeografía, cuxo obxecto de análise é precisamente o espazo, senón que é asumida por outras disciplinas, algunhas delas directamente vinculadas co campo das que tradicionalmente se definen como técnicas, caso das enxeñarías. Os motivos desta aparente contradición son complexos e teñen a ver, quer coa debilidade da Xeografía galega anterior á década de 1990, quer co sistema das ciencias en xeral, onde existe un centro e unha periferia que condiciona, entre outras cousas, a visibilidade e o recoñecemento dos discursos.

Esta breve introdución (auto)crítica serve para xustificar a importancia que ten a obra de Xosé Constenla, non apenas para a Xeografía mais tamén para o conxunto das disciplinas de carácter social. Unicamente con reflexións como as que achega este libro poderemos comezar a entender o significado central do territorio nos procesos sociais. Dá o mesmo que non compartamos todas as súas afirmacións e que teñamos puntos de vista diferentes en certos aspectos dos abordados. O relevante é a pertinencia para incorporar a espacialidade ao debate social en Galicia. Moi especialmente nos tempos actuais nos que as mudanzas son especialmente rápidas. Aínda que as primeiras palabras que aparecen no texto din que estamos diante dun tratado de Xeografía, o certo é que, non sendo mentira, o resultado final é moito máis abrangente.

A novidade deste libro, subtítulado ‘unha lectura dende o espazo da construción social do país’, é que, por primeira vez en Galicia, faise unha interpretación da súa sociedade poñendo o foco no espazo. Isto non quere dicir que non existan outras obras nesa mesma liña. De feito, a renovación da Xeografía na década de 1990 retomou non só a ollada galega que perdera durante décadas, senón que tamén se vinculou con algunhas das correntes dominantes, basicamente de orixe anglosaxoa. A cidade, o mundo rural, os procesos demográficos, os cambios económicos ou as dinámicas naturais, entre outros temas, teñen sido obxecto de atención desde unha perspectiva

que privilexia o espazo como punto focal das análises. Infelizmente, moitas desas investigacións non saen do ámbito académico, encurraladas pola dinámica perversa da Universidade. Porén, Constenla, alén de saír dese club restrito, sobe un (ou dous) chanzos máis.

O primeiro chanzo, facilmente identificábel, é que desenvolve un esforzo moi meritorio por facer unha análise interpretativa global da sociedade galega desde unha perspectiva espacial. Nos tempos da especialización, con demasiada frecuencia, orientamos sectorialmente a nosa investigación, o que impede termos unha visión holística e, polo tanto, complexa da realidade. Un segundo paso para adiante na obra de Xosé Constenla ten a ver co seu mergullo na teoría social crítica. Recorre a autores, xeógrafos, que forman parte indispensable do santuario filosófico contemporáneo e incorpóraos ás súas reflexións. Xunto a eles, inspírase noutros pensadores de referencia que son fundamentais para entendermos a sociedade actual.

Este segundo chanzo parécenos especialmente relevante. Por un lado, porque demostra que a realidade socio-territorial galega non actúa de xeito illado senón que para interpretala, igual que acontece noutros lugares do mundo, temos todo un pensamento espacial que nos dá moitas das claves para comprendermos mellor o noso país e inserilo no contexto da globalización. Por outro lado, porque achega unha lectura necesariamente crítica e que, lamentablemente, está ausente en moitos dos nosos traballos. A combinación desta ollada pouco conformista con esa outra de carácter global e holística, dános argumentos sólidos para entender o que Xosé Constenla denomina colapso territorial.

Polo tanto, estamos diante dun libro novidoso, interesante e necesario, non só para os que somos xeógrafos senón tamén para todas aquelas persoas preocupadas por Galicia. Xente que estamos a asistir a transformacións aceleradas, nas que o territorio é un protagonista principal, mais que non as acabamos de entender ben. Que nos deixamos levar pola corrente sen nos percatar da dirección á que imos. Ou, talvez, percatándonos aínda que sen saber as ferramentas que temos para mudar o rumbo. Un síntoma da importancia do espazo para a comprensión das sociedades contemporáneas está no acaparamento que fan deste concepto algunhas disciplinas como as enxeñarías. Transmutar un concepto social para unha cuestión puramente técnica significa eliminar calquera crítica sistémica. Malia que esta idea non aparece directamente recollida no libro, resulta unha reflexión acaída que deriva da súa lectura.

Ao tratarse dun texto denso, complexo e abrangente, hai algunhas cousas que fican fóra das súas páxinas e outras que, sen dúbida, son obxecto de controversia. A lectura do libro provoca momentos de reflexión e de desconcerto. Isto resulta moi positivo na medida na que esa debe de ser, precisamente, a tarefa dunha obra coma esta, que é crítica e reivindicativa desde a primeira páxina. Cómpre, polo tanto, matizar, opinar e debater sobre algunhas das afirmacións que pousa Constenla sobre o papel coa finalidade de enriquecer as súas achegas.

Constenla recolle toda unha tradición intelectual galega que santifica o pasado a través dunha idealización do mundo rural. Nesta liña, afirma que a orixe do colapso territorial estaría na desaparición dun sistema territorial equilibrado con base produtiva na agricultura. Un sistema complexo que é sometido a un proceso de simplificación onde predomina a lóxica da acumulación do capital que, na súa vertente territorial, xera fenómenos de urbanización e desequilibrios. Segregación e xerarquía serían o resultado

de toda esta transformación. Na coherencia da súa argumentación, sinala que as cidades, como centros deste novo sistema, son o escenario principal do colapso territorial.

Como dicíamos, estas afirmacións non fan máis que dar continuidade a toda unha liña histórica de pensamento que, en certa medida, resucita da man da palabra 'feísmo', concepto perverso, que reabriu un debate cheo de contradicións. Esa idea de rural idílico, matizando o que se afirma no libro, está a servir para proxectar unha visión estética sobre o territorio, ou sobre certos territorios, que se transforman, deste xeito, en paisaxe. En definitiva, o que se produce non é apenas unha mudanza funcional dos usos do territorio senón, e sobre todo, un cambio da nosa ollada sobre o mesmo que responde, obviamente, ás lóxicas do capitalismo contemporáneo. Dun xeito que non deixa de ser paradoxal, na última parte do libro, Xosé Constenla centra os seus argumentos na cidade, non xa como creadora de patoloxías, mais si como difusora de cambios, esquecendo que tamén o mundo rural ten capacidade para xerar dinámica propia, probabelmente mesmo de carácter máis radical.

A visión antiurbana, da cidade como creadora de patoloxías, non é, nin moitísimo menos, nova. Forma parte do discurso desde o mesmo momento no que a revolución industrial vai amoreando a xente arredor dos centros fabrís. Non esquezamos que as utopías urbanas que proliferan a partir deses momentos van centrar os seus esforzos por devolver o ser humano ao contacto coa natureza. Tamén o turismo nace, en boa medida, relacionado coa necesidade de fuxir dos ambientes poluídos da cidade. Polo tanto, a ideloxía antiurbana vén de longo e ten un profundo calado histórico en Galicia onde a consideración de sermos un pobo rural forma parte da nosa identidade.

Seguindo cos seus argumentos sobre a cidade, non lle falta razón cando afirma a existencia dun modelo urbano crecentemente polarizado, xerador de desequilibrios territoriais, que non é máis que unha peza subsidiaria ao servizo do capitalismo. Infelizmente esa é a función que nos foi atribuída e na que participan de xeito entusiasta as elites político-económicas do país. Non é un proceso exclusivo de Galicia, mais si formamos parte activa da mesma. O crecemento urbano no país baseouse, con algunha excepción, nun modelo parasitario no que os núcleos urbanos de maior tamaño, no canto de xerar dinámica o que facían era absorbela. Unha vez terminado o proceso as últimas da escala territorial pasan a ser as vítimas. Habería que se perguntar se as propostas de fusión municipal non son máis que tentativas de prolongar un pouco máis esa situación parasitaria.

Por máis que Xosé Constenla estea a evidenciar unha realidade que non é unicamente galega, non deixa de ser interesante a súa reflexión sobre a necesidade de crear un capital espacial fixo. Só saíndo da dependencia dun modelo territorial deseñado para o beneficio do capital global sería posíbel evitar ese colapso no que estamos. Neste punto teño que sinalar que non concordo coa afirmación sobre a incapacidade do capitalismo para construír lugares simbólicos. Creo que, ao contrario, o espectáculo é parte consubstancial do sistema e concéntrase neses lugares simbólicos que son as cidades globais, as grandes beneficiarias deste capitalismo contemporáneo e onde procesos como os de segregación e exclusión son cada vez máis extremos.

Non sendo o panorama que debuxa especialmente optimista, tamén é certo que nas conclusións do libro abre unha xanela á esperanza dando unha reviravolta sobre o escenario actual. De feito, xa advertira en páxinas

previas o seu afastamento de connotacións apocalípticas, entendendo o colapso como unha fase e, como tal, pode ser superada. Así, afirma que cómpre ver o colapso territorial como unha oportunidade que permite abrir camiños novos que poderían levar a construír 'algo novo'. O autor está a adoptar posicionamentos claramente altermundistas ao reivindicar o papel dos movementos sociais para reverter esta situación. A través dalgún exemplo da cidade de Compostela demostra que é posíbel desenvolver ese dereito á cidade, non como un fin en si propio senón como un camiño para un proxecto máis ambicioso, o da mudanza social. É unha pena que nestas consideracións finais se esqueza do mundo rural, onde tamén existen iniciativas moi interesantes que evidencian que hai outros xeitos de facer as cousas que non obedecen a esa lóxica de acumulación do capital, segundo os argumentos expostos na obra de Xosé Constenla.

En definitiva, este libro é máis, moito máis, que un tratado de Xeografía. É unha obra necesaria para entender, desde posicionamentos alternativos, a realidade social galega. Colocando o espazo nun eixo central, o autor explica o colapso territorial de Galicia a partir da perda de complexidade do sistema territorial. Como consecuencia, vanse xerando procesos de desequilibrio e desestruturación que desembocan na actual situación de fragilidade, sempre dependente da utilidade ao servizo da acumulación do capital. Obviamente, as 172 páxinas que completan o texto son insuficientes para incorporar e aprofundar noutras moitas cuestións moi relevantes. Entre elas, por exemplo, un maior detalle en alternativas e propostas que subverten o sistema dominante, así como tamén os seus fracasos e os motivos que os explican. Noutras palabras, capacidade de adaptación e absorción do capitalismo global e as escasas fendas que deixa para actuar fóra da platea.

A lectura desta obra é moi recomendábel porque abre os ollos a moitas cuestións pero, sobre todo, porque serve para facernos reflexionar sobre temas centrais que nos afectan como parte da sociedade galega e integrantes da globalidade. Probabelmente non esteamos de acordo con certas afirmacións; talvez existan contradicións; ou é posíbel que se esquecera dalgún enfoque igualmente necesario. Porén, estas eivas deben ser resoltas polas persoas que lemos as páxinas deste libro, deixando de sermos unhas simples receptoras de información para nos converter en suxeitos política e intelcualmente activos, seguindo de xeito coherente os argumentos do autor.